

Álvarez denuncia que Rueda se preste a inaugurar unha praza en As Nogais, cuxa principal partida de gasto é un muro de peche dunha finca privada

“Resulta increíble que o vicepresidente veña avalar coa súa presenza a xestión dunha obra coma esta e que brigadas pagadas pola Xunta se dediquen a fins particulares cando existen tantísimas necesidades básicas en augas e camiños nos que esta xente prestaría un gran servizo”, afirma

“Este despilfarro que fai o alcalde das arcas do concello e do que, como se pode ver, é cómplice o Goberno galego”, asegura Álvarez, “é un insulto aos veciños”, pois existen actuacións básicas e necesarias, como o centro de día que, malia levar construído tres anos, aínda non entrou en funcionamento porque nin a entidade local nin a Consellería acometeron o seu equipamento

Critica que o rexedor “dilapidase” alomenos 60.000 euros na execución desta praza, provocando, ademais, consecuencias notables para o sector do transporte

AS NOGAIS, 29 DE MAIO DE 2014.- A voceira do grupo municipal socialista –Fe Álvarez– critica decididamente que o vicepresidente da Xunta e conselleiro de Presidencia –Alfonso Rueda– se desprace mañá venres ata este municipio para inaugurar, conxuntamente co alcalde, a Praza da Nogueira; un espazo público que foi financiado pola entidade local, e cuxa principal partida de gasto é a execución dun muro de peche dunha finca privada.

“Este despilfarro que fai o alcalde das arcas municipais e do que semella ser cómplice o Goberno galego”, asegura Álvarez, “é un insulto aos veciños”, sobre todo, porque existen outras actuacións básicas e necesarias que están totalmente abandonadas. É o caso, do centro de día que, malia levar construído tres anos, aínda non entrou en funcionamento porque nin a entidade local nin a Consellería iniciaron os trámites para proceder ao seu equipamento.

Por este motivo, e dado que ditas instalacións foron cofinanciadas polo Executivo autonómico e que o rexedor prometera postos de traballo a moita xente no seu día, a voceira do PSOE considera “unha desfachatez que o señor Rueda perda o tempo inaugurando muros, e que en tres anos non tivese tempo de dispoñer o necesario para que os veciños de As Nogais teñan atendidas as necesidades básicas”.

60.000 euros “dilapidados”

Concretamente, segundo explica Álvarez, o rexedor “dilapidou” ao redor de 60.000 euros na construción desta Praza. As obras incluiron, ademais do acondicionamento do espazo, a execución de dous muros. Por unha banda, o que dividía lonxitudinalmente a Praza e que tivo que ser demolido, posteriormente, por orde do Ministerio de Fomento, debido a que a entidade local non contaba cos permisos necesarios para poder executalo e, pola outra, o destinado a protexer a finca á que se refire a socialista.

“Primeiro fan esta parede sen ningún tipo de xustificación e logo resulta que a tiveron que tirar”. Só neste proceso, o concello gastou, segundo indica a voceira do PSOE, 4.000 euros. “Resulta increíble que o vicepresidente veña avalar coa súa presenza a xestión dunha obra coma esta e que brigadas pagadas pola Xunta se dediquen a fincas privadas cando existen tantísimas

necesidades básicas en augas e camiños nos que esta xente prestaría un gran servizo", destaca.

E é que, a día de hoxe, veciños de varios núcleos continúan estando, por exemplo, sen alumeado público a partires das dúas da mañá, debido a que o Concello non dispón de fondos para mantelo activo máis horas; as traídas de auga son deficitarias; ou hai pobos que están practicamente incomunicados, a consecuencia de que os accesos a estas pequenas localidades presentan un estado moi deteriorado.

O muro tamén impedía o estacionamento dos camións

Fe Álvarez lembra, ademais, que a execución deste muro tamén tivo consecuencias para o sector do transporte. Concretamente, o seu levantamento provocou que os transportistas, que diariamente estacionaban o seu vehículo neste lugar durante os últimos anos, non puidesen facelo; unha molestia innecesaria que puido ser evitada, pois, tal e como indicou a voceira municipal, "aumentaba o risco de que os camioneiros fosen roubados ao ter que facer o descanso nun lugar máis afastado e con menos visibilidade". É dicir, "o Alcalde dille aos transportistas: collan vostedes os seus camións e lévenos a outro sitio e, logo resulta que tiran co muro. Tal e como están os tempos isto é tirar directamente o diñeiro ao lixo", asegura.